



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 20 DE NOVEMBRO DE 2008,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE**

- Decreto polo que se dispón o nomeamento de Antonio Blanco Rodríguez como delegado da Consellería de Cultura e Deporte en Ourense

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo, a Secretaria Xeral de Emigración e o Centro de Galicia Buenos Aires, Cultural, Social e Deportivo, para a execución e dotación das instalacións precisas para o desenvolvemento de programas específicos de formación no sector da hostalaría

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Universidade de Vigo para o financiamento do *Máster en Comercio Internacional 2008/2009*, e o gasto plurianual derivado del
- Acordo polo que se autoriza ao Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para que, na modificación da finalidade do aval subsidiario concedido a *Bernardo Alfageme, S.A.*, se manteñan as condicións xa autorizadas segundo o acordo do Consello de data 31 de outubro de 2007
- Acordo polo que se autoriza ao Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo de seis millóns de euros (6.000.000 €) a *Transmonbús, S.L.*

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**



- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Cuntis á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Dodro á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello da Arzúa á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello do Barco de Valdeorras á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello da Capela á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

### **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a Asociación Cultural e Medioambiental Canón de Pau para a construción e equipamento dun observatorio astronómico
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Rairiz de Veiga (Ourense), para a recuperación e rehabilitación dos espazos de interese patrimonial con fins turísticos

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio para a realización de obras de infraestrutura rural co Concello de Sober (Lugo), no marco do Plan de actuación global de infraestruturas vitícolas na Ribeira Sacra-2008
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do Plan de Infraestruturas Rurais 2008 (PIR-FP-Boiro-A Mezquita)



## **CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE**

- Acordo de recoñecemento, autorización e cualificación da colección Pazo de Arxeriz (O Saviñao-Lugo)

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre o Instituto de Saúde Carlos III, as comunidades autónomas de Baleares, Castela-A Mancha, Castela e León, Madrid e Galicia, e axentes de cooperación pública estables, para a creación do Consorcio de Apoio á Investigación Biomédica en Rede (CAIBER) de unidades centrais de investigación clínica e ensaios

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Universidade de Vigo para a implantación de diversos programas oficiais de posgrao no ámbito do ambiente e o desenvolvemento sustentable, por un importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00 euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Verín, para a execución da obra: “Melloras na estación depuradora de augas residuais e rede de saneamento de Verín. Verín (Ourense)”, clave OH.332.591, polo importe de un millón oitocentos vinte e seis mil euros (1.826.000,00 euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Melide para a execución da obra: “Saneamento de San Martiño. Melide (A Coruña)”, clave OH.315.800, polo importe de cincocentos setenta e oito mil setecentos sesenta e seis euros con corenta e oito céntimos (578.766,48 euros)
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a *Axencia de Desenvolvemento Provincial de Imbabura*, para a constitución dun núcleo de sostibilidade no Cantón de Pimampiro, fase I
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello do Grove e polo que se autoriza a aprobación do gasto para a execución das obras: “Colectores xerais e estación depuradora de augas residuais no Grove (Pontevedra)”, clave OH.336,776, polo importe de oito millóns catrocentos corenta e dous mil seiscentos setenta e dous euros e vinte e dous céntimos (8.442.662,22 euros)



## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

- Informe sobre novas medidas de dinamización económica



## **ANTONIO BLANCO RODRÍGUEZ, NOVO DELEGADO PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE EN OURENSE**

- ***Substitúe no cargo o actual secretario xeral da Consellería de Cultura, Xosé Carlos Sierra***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o nomeamento de Antonio Blanco Rodríguez como novo delegado provincial en Ourense da Consellería de Cultura e Deporte. Substituirá neste cargo a Xosé Carlos Sierra, que na actualidade é secretario xeral da Consellería.

Antonio Blanco (Allariz, 1951) é profesor e vén desenvolvendo un importante labor pola posta en valor do patrimonio e a cultura galegas. Licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela, é autor de publicacións relacionadas coa historia, a etnografía e o turismo. Publicou artigos e ensaios en diversas revistas sobre aspectos do patrimonio cultural ourensán e participou como relator en varios cursos e simposios.

De 1991 a 2003 formou parte do equipo goberno do Concello de Allariz, onde foi concelleiro de Educación, Cultura e Deportes e nos últimos anos tenente de alcalde. Nese tempo participou na posta en marcha de importantes proxectos, como o Parque Etnográfico do Río Arnoia, a creación do Museo Iconográfico Aser Seara e o Museo Galego do Xoguete. Tamén conseguiu que se fose establecendo un calendario estable de actividades culturais e deportivas na vila que aínda se mantén na actualidade.

Impulsou a creación da Fundación Ramón González Ferreiro, da cal foi o primeiro director e da cal na actualidade é vicepresidente. Ademais forma parte da directiva da Fundación Vicente Risco.



## **A XUNTA DESTINARÁ 180.000 EUROS Á POSTA EN MARCHA DE PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE FORMACIÓN NO SECTOR DA HOSTALARÍA NO CENTRO GALICIA DE BUENOS AIRES**

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción dun convenio de colaboración, polo importe de 180.000 euros, entre a Consellería de Traballo, a Secretaría Xeral de Emigración e o Centro de Galicia Buenos Aires, Cultural, Social e Deportivo, para a execución e dotación das instalacións precisas para o desenvolvemento de programas específicos de formación no sector da hostalaría.

O programa está destinado a persoas de orixe galega e os seus descendentes ata o segundo grao residentes na Arxentina, especialmente a aquelas persoas con maiores dificultades de inserción no mercado laboral, coa fin de lograr a súa integración socio-laboral, xa que o sector da hostalaría é un dos sectores punteiros na creación de emprego.

Ao abeiro deste convenio, o Goberno galego comprométese a achegar 180.000 euros para a posta en marcha desta iniciativa, ao tempo que presta a súa colaboración en todo o necesario para o correcto desenvolvemento do convenio.

Pola súa banda, o Centro Galicia de Buenos Aires comprométese a: executar as obras para a dotación, nas dependencias desta institución, dun centro de hostalaría destinado ao desenvolvemento de programas de formación. Estas dependencias ocuparán unha superficie aproximada de 750 m<sup>2</sup> e deberán estar dotadas cos medios adecuados para a realización destes programas; presentar o proxecto das obras que se van realizar, onde se detalle a descrición polo miúdo das obras proxectadas; presentar o orzamento ou orzamentos detallados do custo das obras obxecto deste convenio, realizados pola empresa ou empresas ás cales se lles ten previsto encargar a realización das obras; destinar as instalacións ao cumprimento do obxecto deste convenio durante un período mínimo de dez anos; designar, seleccionar e contratar o equipo humano para o desenvolvemento do programa.



## **O GOBERNO GALEGO DESTINA 65.000 EUROS A FINANCIAR O MÁSTER EN COMERCIO INTERNACIONAL IMPARTIDO POLA UNIVERSIDADE DE VIGO**

O Goberno galego destinará un total de 65.000 euros ao financiamento do Máster en Comercio Internacional 2008/2009, no marco do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica, dependente da Consellería de Economía e Facenda, e a Universidade de Vigo que autorizou hoxe o Consello da Xunta.

O Máster en Comercio Internacional, que inclúe clases maxistras, obradoiros, conferencias e prácticas en empresas, entre outras accións, está recoñecido por Educación e conflúe nos seus obxectivos cos procurados polo Igape mediante programas como o de bolseiros de promoción exterior, destinado á formación de especialistas en loxística e comercio exterior. Con programas como este, o Instituto atende á necesidade de prover o sistema social e produtivo galego de recursos humanos cualificados para incidir no incremento da internacionalización e na mellora de competitividade das empresas galegas.

O financiamento achegado polo Igape a este máster destinarase a financiar actividades lectivas de conferenciantes externos á Universidade de Vigo; preferentemente da empresa privada, do sistema financeiro e de organismos oficiais de comercio exterior nacionais ou estranxeiros, coa finalidade de achegar aos alumnos do Máster o coñecemento práctico e a experiencia real dos distintos aspectos do Comercio Internacional. No marco do acordo, o Igape poderá contar con estes relatores externos especializados en comercio internacional para a realización de xornadas abertas ao colectivo empresarial galego.

A Universidade de Vigo, a través da posta en marcha do Máster en Comercio Internacional, que comprenderá un curso lectivo, dá un paso importante para favorecer a formación en Galicia de especialistas en comercio internacional. O máster incluírá un módulo lectivo para a formación en servizos e programas de financiamento internacional do propio Instituto.



## **A XUNTA APOIA UNHA OPERACIÓN DE EXPANSIÓN IMPULSADA POLO GRUPO MONBÚS**

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) apoiará unha nova operación de expansión promovida polo grupo galego de transporte de viaxeiros por estrada *Transmonbús*, destinada á adquisición do grupo catalán Hispano Igualadina. O apoio do Instituto dependente da Consellería de Economía e Facenda farase efectivo mediante o achegamento dun aval que vén de autorizar o Consello da Xunta, logo da declaración da operación como de especial interese socioeconómico para Galicia pola Comisión Delegada de Asuntos Económicos. A adquisición realizarase a través dunha nova sociedade na que tamén participa o Grupo Arriva.

O apoio do Igape consistirá na concesión dun aval por un importe máximo de 6 millóns de euros destinado a garantir o 28,5% dun préstamo bancario por importe máximo de 21 millóns de euros, destinado a financiar parcialmente á adquisición do grupo Hispano Igualadina, que dispón dunha flota composta por 109 autobuses e un cadro de persoal de 200 empregados. As instalacións da firma, unha das seis grandes empresas de transporte de viaxeiros de Cataluña, están en cidades como Igualada, Reus ou Barcelona, entre outras.

Transmonbus é a sociedade cabeceira dun Grupo coa actividade principal de transporte de viaxeiros por carretera que tamén desenvolve as actividades de explotación de estacións de autocares, comercialización de billetes doutras compañías e renting de vehículos. As súas oficinas centrais atópanse en Lugo e dispón de instalacións en Lugo, Vigo, Pontevedra, Barcelona, Valencia, Cuenca e Albacete. Conta cunha flota de máis de 470 autobuses e un cadro de persoal que rolda os mil empregados.

Transmonbús desenvolveu unha estratexia de crecemento baseada na adquisición de compañías de transportes como Empresa Monforte, Vibasa, Gaesa, Castromil ou Autobuses Alsina. O Grupo Monbús participa en Deutsche Touring, o primeiro operador de longa distancia en Europa, e en Socitransa, sociedade dedicada ao transporte internacional de viaxeiros por estrada.

### **Bernardo Alfageme**

Por outra banda, o consello autorizou ao Igape a formalizar unha modificación técnica no aval subsidiario concedido ao grupos conserveiro Bernardo Alfageme, de Vigo. O Igape aprobou en setembro de 2007 a concesión dun aval por 24,5 millóns de euros en garantía do 70% dun préstamo destinado a financiar o seu plan. O grupo que integran Bernardo Alfageme, Conservas Peña e Mariscos San Cayetano -que ten catro plantas de produción no sur de Galicia- conta cun plan estratéxico que comprende medidas no ámbito do I+D+i, o desenvolvemento de novos produtos elaborados, e o reforzo da estratexia de marca.





## CINCO NOVOS CONCELLOS INCORPÓRANSE Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DE GALICIA

- *Coa suma de Arzúa, O Barco de Valdeorras, A Capela, Cuntis e Dodro, a día de hoxe hai 28 concellos adheridos á Axencia*
- *Estes concellos delegan na Axencia as súas competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística para determinados tipos de solo*
- *A APLU é un ente público consorciado ao cal os concellos se incorporan de xeito voluntario*

O Consello da Xunta aprobou hoxe os respectivos convenios entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia (APLU) e cinco novos concellos de Galicia para a súa adhesión a este órgano consorciado encargado de velar pola utilización racional do solo de conformidade coa normativa urbanística e de protección do litoral. Estes cinco concellos que se incorporan agora súmanse aos 23 que o fixeron durante as últimas dúas semanas, polo que a día de hoxe hai un total de 28 concellos adheridos á Axencia.

Os convenios aprobados hoxe polo Consello da Xunta correspóndense cos concellos de Arzúa, A Capela e Dodro na provincia da Coruña; o Barco de Valdeorras en Ourense; e Cuntis en Pontevedra.

A integración na APLU será plenamente efectiva unha vez asinados os correspondentes convenios de colaboración e logo da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. A adhesión á APLU é unha decisión voluntaria dos propios concellos, que debe ser aprobada en sesión plenaria municipal.

A partir de agora, os concellos adheridos delegan na Axencia as súas competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística respecto das obras e usos do solo que se realicen en solo rústico, en solo urbanizable mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante se ingresará nas contas municipais.

### Funcións da APLU

A APLU é un ente público consorciado do cal forman parte a Xunta de Galicia e os concellos que voluntariamente se adhiran a ela. A súa misión é a vixilancia do territorio para velar pola utilización racional do solo, a ordenación do territorio especialmente na zona rural e a inspección de áreas sensibles como o litoral na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.



Os estatutos da Axencia –que foron elaborados por unha comisión mixta integrada por representantes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a Federación Galega de Municipios e Provincias - recollen de xeito pormenorizado as súas funcións como son, entre outras, a inspección e vixilancia urbanística sobre os actos de edificación e uso de solo, a adopción das medidas cautelares previstas na lexislación urbanística, a instrución dos expedientes de reposición da legalidade e dos expedientes sancionadores por infraccións urbanísticas, a potestade sancionadora e de reposición da legalidade, o requirimento para a anulación de licenzas contrarias á normativa, o asesoramento e asistencia ás administracións públicas e as competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que os municipios integrados voluntariamente na Axencia deleguen nela.



## **O GOBERNO GALEGO FINANCIARÁ A CONSTRUCCIÓN E O EQUIPAMENTO DO OBSERVATORIO ASTRONÓMICO DE COTOBADE**

- ***A Consellería de Innovación e Industria investirá preto de 150.000 euros a través dun convenio de colaboración coa Asociación Canón de Pau, promotora do proxecto***
- ***O observatorio está destinado tanto a actividades didácticas e de divulgación científica como a outras de carácter docente a nivel universitario***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Innovación e Industria para financiar a construción e o equipamento dun Observatorio Astronómico no Val de Almofrei, en Cotobade (Pontevedra), proxecto que contará cun investimento de 149.870 euros (59.520 en 2008 e 90.350 en 2009). Esta actuación acometerase grazas ao convenio que subscribirán Innovación e Industria e a Asociación Canón de Pau, promotora da iniciativa.

O observatorio proxectado permitirá a observación astronómica afeccionada e a divulgación da astronomía mediante actividades observacionais guiadas, así como a través de charlas ou presentacións multimedia. Utilizarase tanto para actividades docentes a nivel universitario como para actividades didácticas para rapaces e divulgativas para o público xeral, promovendo o achegamento da sociedade galega ás actividades de I+D+i, en xeral, e á astronomía, en particular. O edificio consta dunha planta baixa cunha aula e unha sala de ordenadores, dunha planta alta destinada á cúpula do observatorio, de 12 metros cadrados, e dunha terraza cuberta.

A Asociación Canón de Pau, que promove a recuperación, a conservación, a popularización e a defensa do patrimonio galego, conta ademais nesta iniciativa coa colaboración da Asociación de Montes de Carballedo, que cedeu os terreos en que se construírá o Observatorio, e a Asociación Astronómica Sirio de Pontevedra, que vén desenvolvendo actividades de divulgación sobre o coñecemento do cosmos.

O observatorio é un proxecto innovador que se complementa co Observatorio Científico construído recentemente en Forcarei, xa que conxuntamente crearían unha área científico-divulgativa para a astronomía. Supón un proxecto dinamizador no Val de Almofrei, dando pulo á oferta cultural e didáctica da zona de Pontevedra e Terra de Montes. O contorno permite o uso da aula non soamente para actividades astronómicas, senón tamén para outras de carácter ecolóxico, botánico, zoolóxico e xeográfico, sendo de utilidade educativa para os centros de ensino principalmente da provincia de Pontevedra.



## **A XUNTA FINANCIARÁ A REHABILITACIÓN CON FINS TURÍSTICOS DA ALDEA DE CONGOSTRO EN RAIRIZ DE VEIGA**

- ***A achega da Consellería de Innovación e Industria para o concello de Rairiz de Veiga (Ourense) ascende a 475.000 euros en dous anos***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Rairiz de Veiga para a recuperación e rehabilitación de espazos de interese patrimonial con fins turísticos no conxunto arquitectónico da Aldea de Congostro, co fin de que funcione e sirva de plataforma para o turismo cultural e patrimonial en Galicia e fóra da comunidade.

A sinatura deste convenio de colaboración permitirá que se leve a cabo o acondicionamento de espazos públicos e empedramento de varias zonas de acceso ás zonas de intervención, recuperación de inmobles senlleiros e roteiros de camiñadas. O obxectivo desta actuación é defender o patrimonio histórico, artístico, arqueolóxico e cultural, evitando a súa degradación; para así potenciar o turismo na zona e incidir no seu desenvolvemento.

O convenio terá unha duración estimada de dous anos a partir da súa sinatura e a Consellería de Innovación e Industria fará unha achega de 475.000 euros que se distribuirán en dúas anualidades: en 2008 achegaranse 225.000 euros e en 2009 serán 250.000 euros.

O obxectivo fundamental deste tipo de acordos é desenvolver diferentes actuacións coa finalidade de mellorar a situación turística de Galicia, promovendo actuacións para a modernización e adecuación da industria turística ás tendencias da demanda.



## **A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE 600.000 EUROS EN SOBER NO MARCO DO PLAN DE ACTUACIÓN GLOBAL DE INFRAESTRUTURAS VITÍCOLAS NA RIBEIRA SACRA**

- ***Executaranse obras de acondicionamento de camiños para o acceso a viñas no Concello de Sober***
- ***O obxectivo é favorecer o desenvolvemento das actividades produtivas inseridas na segunda fase do “Plan de actuación global de infraestruturas vitícolas da Ribeira Sacra”, cun investimento de 588.446 euros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Sober para a realización de obras de infraestrutura rural neste municipio lugués, no marco do Plan de actuación global de infraestruturas vitícolas na Ribeira Sacra-2008. Ao abeiro deste acordo, o departamento autonómico investirá 588.446 euros en obras de acondicionamento de camiños para o acceso a viñas en Sober.

O Plan de actuación global de infraestruturas na Ribeira Sacra abrangue puntos estratéxicos de infraestruturas, capital humano, superficie territorial, variedade das viñas e modernización das explotacións. Os obxectivos que persegue esta segunda quenda do plan consisten en dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación mediante a dotación de equipamentos básicos e de infraestruturas no medio rural que permitan a mecanización da produción nunha zona de elevadas dificultades. Estas accións están destinadas a apoiar o sector vitivinícola consolidado e con proxección de futuro, modernizando as explotacións e consolidando as existentes para favorecer o relevo xeneracional no sector.

Este plan de infraestruturas na Ribeira Sacra está destinado a impulsar a actividade produtiva dunha zona que conta cunhas condicións climáticas, edafolóxicas, turísticas e de ocio que lle ofrecen un valor engadido á actividade vitivinícola da DO Ribeira Sacra. Na primeira fase investíronse un total de 583.472 euros para impulsar a zona sur da provincia de Lugo, en concreto nos concellos de Monforte de Lemos, A Pobra de Brollón e Ribas de Sil.

Nesta segunda quenda destinaranse un total de 588.446 euros para impulsar actuacións no Concello de Sober, onde se executarán as actuacións de acondicionamento de camiños para o acceso ás viñas, en lugares que presentan unha deficiente dotación de infraestruturas rurais no seu territorio que producen carencias que frean o desenvolvemento da zona.

No referente ás infraestruturas no medio rural, serán os concellos os que determinen as actuacións, co obxectivo de contribuír a dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e apoiar a fixación de poboación, con actuacións de obras de infraestrutura básica para abastecemento de auga, infraestruturas de saneamento e depuración de augas, creación e mellora da rede viaria agraria e rural e



outros servizos básicos elementais necesarios para o desenvolvemento rural e a súa base produtiva.



## **O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ MÁIS DE 1,1 MILLÓNS DE EUROS PARA MELLORAR DOTACIÓNS BÁSICAS DO SECTOR PRODUTIVO NO MARCO DO PROGRAMA DE INFRAESTRUTURAS NO MEDIO RURAL**

- ***As actuacións beneficiarán os concellos de Boiro, A Pobra do Caramiñal, Folgoso do Courel, Friol, Samos, A Bola, Leiro e A Mezquita***

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio para a realización de obras de infraestrutura rural con oito concellos, no marco do Plan de Infraestruturas Rurais 2008.

O Programa de Infraestruturas prevé a realización de proxectos en todos os concellos de Galicia, desenvolvidos de acordo cuns criterios de dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación; de infraestruturas de servizos básicos como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas ou pistas rurais; así como aqueles de singular natureza que entren nas competencias da consellería. Estes criterios aplícanse desde o ano 2006, logo de seren consensuados coa Federación Galega de Municipios e Provincias.

Nesta fase do programa executaranse obras nos concellos de Boiro, A Pobra do Caramiñal, Folgoso do Courel, Friol, Samos, A Bola, Leiro e A Mezquita.

A programación naceu co fin de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas destinadas a mellorar a calidade de vida dos habitantes das zonas rurais e a potenciar o seu desenvolvemento, coa dotación de equipamentos públicos e de servizos básicos elementais necesarios para contribuír a fixar poboación.



## **O CONSELLO DA XUNTA RECOÑECE O PAZO DE ARXERIZ, NO SAVIÑO, COMO COLECCIÓN VISITABLE DE CONTIDO ETNOGRÁFICO E ÁMBITO LOCAL**

- ***O Goberno galego propuxo outorgar esta cualificación logo de examinar o proxecto de ecomuseo presentado pola Fundación Xosé Soto de Fión***

O Consello da Xunta acordou hoxe recoñecer o Pazo de Arxeriz como colección visitable de contido etnográfico e ámbito local. O centro, situado no concello lugués do Saviño, ten por obxectivo reivindicar, conservar e divulgar o patrimonio histórico, artístico, etnográfico e natural da Ribeira Sacra.

A Consellería de Cultura presentou esta proposta logo de estudar o proxecto de ecomuseo presentado pola Fundación Xosé Soto de Fión. O proxecto está asentado nunha parcela de 30 hectáreas no lugar de Arxeriz, en plena Ribeira Sacra. Alí sitúase un importante conxunto arquitectónico formado por un pazo e unha serie de edificios anexos representativos da arquitectura popular galega dos séculos XVII e XVIII. O conxunto complétano o espazo exterior para zona de cultivos, viña e horta, prado para o pasto, bosque autóctono reforestado e bosque mixto.

O propósito global do proxecto é a rehabilitación e recuperación integral do complexo arquitectónico e do contorno natural, de forma que se converta nun referente na conservación e divulgación do patrimonio da Ribeira Sacra. Na actualidade pode visitarse no interior do Pazo de Arxeriz unha interesante colección de patrimonio etnográfico.





## **GALICIA CREAMÁ XUNTO A OUTRAS COMUNIDADES E O INSTITUTO DE SAÚDE CARLOS III O CONSORCIO DE APOIO Á INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA EN REDE**

- ***O obxectivo deste consorcio é establecer unha infraestrutura que dea soporte á investigación clínica co fin de promover a saúde e o benestar dos cidadáns***
- ***A comunidade galega participa nesta iniciativa a través da Fundación Idichus do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, e o Marítimo de Oza, do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a subscrición dun convenio de colaboración para a creación do Consorcio de Apoio á Investigación Biomédica en Rede (CAIBER) de unidades centrais de investigación clínica e ensaios clínicos. Galicia participará así na posta en marcha deste consorcio en colaboración co Instituto de Saúde Carlos III; as comunidades autónomas de Madrid, Castela e León, Castela A Mancha e Baleares, ademais de axentes de cooperación pública estables.

A creación deste consorcio, para o que o Instituto de Saúde Carlos III destinará dez millóns de euros no período 2008-2011, axilizará a xestión da investigación clínica e en ensaios clínicos. O seu obxectivo é establecer unha infraestrutura que dea soporte á investigación clínica co fin de promover a saúde e o benestar dos cidadáns.

Así, o Consorcio ten como finalidades específicas a investigación clínica e a súa proxección ao desenvolvemento e innovación asistencial e contribuír á resolución dos problemas de asistencia sanitaria. Tamén ten como obxectivo promover a participación en actividades de investigación clínica de carácter nacional e especialmente nas incluídas nos programas marco europeos de I+D+i; e promover a transferencia dos resultados dos procesos de investigación á práctica clínica, e a elaboración de actividades formativas en investigación clínica así como a difusión do seu coñecemento.

Esta iniciativa enmárcase na sexta convocatoria do Plan Nacional de I+D+I, na cal participaron proxectos de toda España e onde resultaron elixidos, pola súa calidade científica, dous proxectos galegos. Estes dous centros de cooperación pública estable consorciados no CAIBER por parte do Servizo Galego de Saúde son a Fundación Idichus do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, e o Marítimo de Oza, do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.

Para o desenvolvemento do seu plan de traballo, o Servizo Galego de Saúde concedeu a estes dous centros un financiamento total de 444.000 euros no ano 2008, que se manterá ata o 2011 con contías anuais por determinar en función do cumprimento de obxectivos pactados, e que suporán un orzamento total de arredor de dous millóns de euros.

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde salientan como puntos estratéxicos a investigación clínica e o desenvolvemento de ensaios clínicos non comerciais orientados ás prioridades de saúde do sistema sanitario público.



## **A XUNTA DESTINA 150.000 EUROS A POTENCIAR A IMPLANTACIÓN DE CURSOS DE POSGRAO CON TEMÁTICA AMBIENTAL NA UNIVERSIDADE DE VIGO**

- *Os programas de posgrao promoverán a especialización en xestión do desenvolvemento sustentable, en enerxía e sustentabilidade e en dereito urbanístico e do ambiente*
- *A achega da Consellería de Medio Ambiente destinarase á realización de actividades complementarias, a un período formativo práctico do alumnado e a contar con profesionais de recoñecido prestixio para impartir os cursos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Universidade de Vigo para a implantación de tres cursos de posgrao no ámbito ambiental. A consellería apoia esta iniciativa por considerar que se trata dunha especialización con gran necesidade de cualificación e graves carencias formativas en Galicia.

A consellería achegará 150.000 euros, que se repartirán de forma equitativa entre o presente ano e o 2009, para realizar actividades complementarias dentro destes cursos, contar coa participación de expertos de recoñecido prestixio nas materias que se impartan e colaborar nun período formativo de carácter práctico integrado no programa dos cursos que desenvolver a Universidade de Vigo en dependencias da consellería.

Os programas de posgrao promoverán a especialización en xestión do desenvolvemento sustentable, en enerxía e sustentabilidade e en dereito urbanístico e do ambiente. Esta formación pretende que os titulados acaden competencia en avaliación ambiental, con capacidade para realizar diagnósticos e informes, e en mecanismos de política ambiental, para integrarse nas unidades de responsabilidade corporativa e xestión ambiental das empresas.

Deste xeito, a Consellería de Medio Ambiente non só contribúe ao financiamento dos mestrados senón que lles da o seu apoio institucional, comprometéndose a participar no deseño das ensinanzas a través das comisións técnicas de cada curso, a fomentar que o seu persoal especializado imparta módulos docentes e acordando un programa de prácticas.

### **Máster en Xestión do Desenvolvemento Sustentable**

A formación dos titulados estará encamiñada a incorporar na xestión das súas organizacións as mellores políticas e prácticas de desenvolvemento sustentable como parte da súa estratexia competitiva a longo prazo. Así, recibirá formación sobre como identificar posibles puntos de fricción entre a dimensión económica e as consideracións ambientais, sobre os últimos avances tecnolóxicos, xurídicos e económicos, así como coñecementos sobre as posibles alternativas ante problemas de sustentabilidade.

### **Máster en enerxía e sustentabilidade**



Formará os alumnos para dominaren de forma simultánea as tecnoloxías e centrais enerxéticas clásicas, xunto coas novas enerxías renovables, as políticas e medios de eficiencia e aforro enerxético, a lexislación ambiental e a economía da enerxía.

**Máster en dereito urbanístico e do ambiente**

Este curso de posgrao facilitará o coñecemento da normativa urbanística e ambiental vixente, así como o manexo e solución de problemas xurídicos prácticos. Ademais, fomentará a sensibilización coas conexións e repercusións sociais da normativa e capacitará para asesorar xuridicamente as administracións públicas e particulares.



## **A XUNTA APROBA O INVESTIMENTO DE 8,4 MILLÓNS DE EUROS PARA A CONSTRUCCIÓN DA DEPURADORA DO GROVE E 1,8 MILLÓNS PARA A MELLORA DA EDAR DE VERÍN, AMBAS INCLUÍDAS NO PLAN DE SANEAMENTO DE GALICIA**

- *A depuradora de augas residuais (EDAR) do Grove é unha das 40 de nova construción que se están a executar en Galicia para cumprir a directiva europea e sanear as ría, dentro de Plan de saneamento*
- *O proxecto inclúe a construción dunha EDAR deseñada para 40.000 habitantes, colectores, un emisario submarino e estacións de bombeo*
- *O Plan de saneamento de Galicia inclúe tamén a mellora e ampliación de 24 depuradoras, entre as que se atopa a de Verín, que se aprobou hoxe*
- *Esta actuación inclúe a substitución de parte dos colectores xerais e ampliación das instalacións de tratamento de auga*
- *O Goberno galego, nalgúns casos en colaboración co Estado, está a investir máis de 825 millóns de euros na construción, ampliación e mellora de depuradoras no marco do Plan de saneamento de Galicia*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará 8,4 millóns de euros na construción da nova depuradora de augas residuais (EDAR) do Grove (Pontevedra) e 1,8 millóns na mellora e ampliación da EDAR de Verín (Ourense). O Consello da Xunta aprobou hoxe o investimento previsto para acometer ambos os proxectos, incluídos no Plan de saneamento de Galicia 2005-2009.

No marco deste plan, o Goberno galego está a traballar na construción de 40 novas depuradoras, unha delas a do Grove. O proxecto inclúe a construción da EDAR, deseñada para dar servizo a 40.00 habitantes, así como a construción dunha estación de bombeo, treitos de impulsión, un emisario submarino e colectores xerais.

O proxecto ten un prazo de execución de 28 meses e un investimento de 8,4 millóns de euros, que será financiado pola Consellería de Medio Ambiente en tres anualidades, entre 2009 e 2011.

### **EDAR Verín**

Por outra parte, a Consellería de Medio Ambiente acometerá a mellora e ampliación na EDAR e na rede de saneamento do concello ourensán de Verín, unha das 24 melloradas e ampliadas entre 2005 e 2009 no marco do Plan de saneamento. As obras xa están executadas na maioría delas e consistiron na incorporación do tratamento terciario para a mellora da calidade das augas para o marisqueo.

O proxecto de Verín ten un prazo de execución de 12 meses e recolle a substitución de parte dos colectores xerais, obras na canle de desbaste-aliviadoiro para un caudal superior, construción dun decantador secundario e instalación de equipos mecánicos e automatización.



A Consellería de Medio Ambiente financiará o proxecto na súa totalidade, cun orzamento de 1,8 millóns distribuído en dúas anualidades, entre 2009 e 2010.

### **Plan de saneamento de Galicia**

A nova depuradora do Grove e a mellora da xa existente en Verín son dous dos proxectos previstos no Plan de saneamento de Galicia 2005-2009, no cal a Consellería de Medio Ambiente, nalgúns casos xunto co Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, está a investir máis de 825 millóns de euros para a construción, ampliación e mellora dun total de 76 depuradoras.

A Consellería de Medio Ambiente traballa na actualidade na execución de 40 novas edares, mentres que entre 2005 e 2008 puxéronse en servizo 12 depuradoras. O Plan de saneamento tamén inclúe melloras e ampliacións en 24 depuradoras. Destas 24, en 22 edares as obras realizadas (instalación de sistemas terciarios) tiñan como obxectivo mellorar a calidade das augas para a cría de moluscos.

O grao de execución do Plan de saneamento 2005-2009 está nestes momentos por encima do 85%.



## **O GOBERNO GALEGO INVISTE MÁIS DE 578.000 EUROS NO SANEAMENTO DE SAN MARTIÑO, NO CONCELLO CORUÑÉS DE MELIDE**

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración para acometer o proxecto, que ten un prazo de execución de seis meses***
- ***A Consellería de Medio Ambiente financiará a totalidade do orzamento nunha única anualidade, prevista para o vindeiro ano***
- ***A actuación prevista inclúe a instalación dunha rede de colectores, un emisario e unha depuradora para dar servizo a 300 habitantes, que incorpora o sistema terciario para mellorar a calidade das augas***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 578.766 euros no saneamento a San Martiño, no concello coruñés de Melide. As obras, que teñen un prazo de execución de seis meses, realizaranse mediante un convenio de colaboración entre a administración autonómica e a local, que hoxe foi autorizado polo Consello da Xunta.

A actuación prevista inclúe a construción dunha rede de colectores para a recolla das augas residuais nos núcleos de San Martiño de Abaixo e San Martiño de Arriba, cunha lonxitude total de 2.648 metros.

O proxecto recolle a instalación dunha depuradora, dimensionada para dar servizo a 300 habitantes, que incorpora un sistema de tratamento terciario para mellorar a calidade das augas nas zonas de marisqueo. Así mesmo, está prevista a posible ampliación da rede de colectores para recoller as augas residuais dos núcleos de Vilar, Montouto e Montoutiño, e a construción dun emisario cunha lonxitude de 109 metros.

O investimento será financiado na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, nunha única anualidade con cargo aos orzamentos de 2009.



## **A XUNTA DESTINA 48.000 EUROS Á CONSTITUCIÓN DUN NÚCLEO DE SUSTENTABILIDADE NA PROVINCIA ECUATORIANA DE IMBABURA**

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio para a constitución do núcleo, que pretende posibilitar a integración de todas as accións locais que busquen un desenvolvemento sustentable***

O Consello da Xunta autorizou a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para destinar 48.000 euros á constitución, na súa primeira fase, dun núcleo de sustentabilidade no Cantón de Pimampiro, na provincia de Imbabura (Ecuador).

Este acordo pretende establecer as condicións básicas para a colaboración e a cooperación técnica entre a consellería e a Axencia de Desenvolvemento Provincial de Imbabura (ADEPI) para constituír un núcleo de sustentabilidade co fin de posibilitar a integración, a nivel local, de todas as accións que se encamiñen cara á consecución dun desenvolvemento local sustentable e que sexan susceptibles de ser promovidas ou apoiadas polas administracións.

Para acadalo, porase en marcha a axencia local de sustentabilidade, desenvolverase a Axenda 21 escolar e creárase un programa de formación e capacitación. Ademais, a Consellería de Medio Ambiente prestará apoio e asesoramento técnico para o desenvolvemento de todo o proxecto.

A Consellería de Medio Ambiente promove, dentro das súas competencias, proxectos de cooperación internacional no seu ámbito de actuación, que se concretan en accións de coordinación e impulso de actuacións para a implantación do desenvolvemento sustentable.

Deste xeito, a consellería desenvolveu un proxecto para a provincia de Imbabura, que forma parte do plan operativo anual asinado entre a Xunta de Galicia e a Axencia Española de Cooperación Internacional no ano 2003. Esta colaboración prolongouse ate este ano mediante acordos entre a Xunta e o Goberno Provincial de Imbabura e ADEPI. No 2005, esta colaboración permitiu a creación de seis proxectos ambientais e no 2006 e 2007 fortaleceuse o desenvolvemento rural provincial a través da capacitación, asistencia técnica e formación das 36 xuntas parroquiais rurais da provincia.





## O GOBERNO GALEGO APROBA UN NOVO PROGRAMA DE MEDIDAS DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA POR IMPORTE DE 49,4 MILLÓNS DE EUROS

- *As novas medidas céntranse en tres áreas: creación de emprego, apoio ás actividades estratéxicas en dificultades e axudas aos colectivos sociais máis afectados pola crise*
- *Crearanse 2.000 novos postos de traballo para desenvolver actuacións de posta en valor dos recursos naturais da nosa autonomía, de conservación e mantemento da rede autonómica de estradas e de actuacións silvícolas e preventivas no monte, ao que se destinarán 19 millóns de euros*
- *Apróbanse un conxunto de actuacións de formación do capital humano no sector da automoción por importe de 10 millóns de euros, co obxectivo de paliar os efectos da crise sobre o emprego*
- *Habilítase unha liña de axudas para a contratación de seguros de crédito para a adquisición e reforma de vivenda e compra de automóviles por importe de 10 millóns de euros, facilitándose así o acceso das familias ao financiamento*
- *Ponse en marcha unha liña de axudas, por importe de 10,4 millóns de euros, para o reforzo do autoemprego para parados de longa duración*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un novo programa de medidas de reactivación económica por importe de 49,4 millóns de euros. Este novo conxunto de medidas céntrase en tres áreas: programas de gasto público que xeran emprego directo, medidas de apoio ás actividades estratéxicas en dificultades e medidas de apoio aos colectivos sociais máis afectados pola crise.

### **Xeración de emprego**

As novas actuacións en materia de xeración de emprego contarán cun orzamento de 19 millóns de euros e permitirán a contratación de 2.000 persoas en tres ámbitos de actuación:

- En materia de melloras ambientais para poñer en valor os recursos naturais
- En actuacións de conservación e mantemento das infraestruturas de transporte
- En actuacións silvícolas e preventivas no monte

O programa de xeración de emprego na área ambiental impulsa actuacións intensivas en man de obra, de utilidade pública e inmediatas (con execución entre decembro deste ano e maio do vindeiro).

Trátase de actuacións de mellora ambiental que permiten poñer en valor os recursos naturais da nosa autonomía:

- En sistemas fluviais (limpezas, marxes, sendas)
- En espazos naturais (camiños, fontes, áreas de descanso)





A primeira fase do programa está dotada con 5 millóns de euros e iniciárase o 1 de decembro.

### **Infraestruturas de transporte**

Na área de infraestruturas de transporte, vanse promover actuacións inmediatas de reforzo e intensificación dos programas de conservación e mantemento da rede autonómica de estradas, que comprenden actividades de roza e limpeza de noiros e cunetas. O programa está dotado cun orzamento de ata cinco millóns de euros e a súa posta en marcha iniciárase a mediados de decembro.

### **Medio rural**

As accións nesta área comprenden accións silvícolas e preventivas no monte e a súa afectación directa en políticas de creación e fixación de emprego no rural. Comprenden actividades de desbroces, podas, eliminación de restos e masas arbóreas, rareos sistemáticos e obras preventivas de incendios forestais. O programa está dotado cun orzamento de ata 8,7 millóns de euros e a súa posta en marcha se inicia no mes de decembro.

### **Medidas de apoio ás actividades estratéxicas con dificultades**

O Consello deu o seu visto e praxe a un conxunto de actuacións de formación do capital humano no sector da automoción por importe de 10 millóns de euros. Trátase dunha liña de axudas de carácter extraordinario que ten por obxectivo paliar os efectos da crise no sector da automoción. O Executivo autonómico busca que as empresas dedicadas á industria do automóbil que sufran unha parada obrigada de produción impartan durante ese período formación especializada aos seus traballadores.

O plan pretende que o sector da automoción saia reforzado da difícil situación económica actual, a través da formación permanente dos seus traballadores, co fin de manter no futuro a competitividade e produtividade das empresas afectadas. Por iso a Xunta de Galicia establece unha serie de axudas para a formación dos traballadores daquelas empresas que se vexan afectadas pola crise, sempre e cando manteñan os postos de traballo.

A estes efectos, enténdese por empresas do sector da automoción aquelas empresas integradas no Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA), aquelas empresas integradas na Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia (ASIME) nas que a súa produción se dedique como mínimo nun 40% á industria do automóbil; e aquelas outras empresas que aínda non estando integradas en ningunha asociación cumpran este mesmo requisito.

As empresas beneficiarias contarán cunha axuda única para a formación dos seus traballadores e traballadoras, formación que se levará a cabo no tempo de parada obrigada da produción.



As empresas que poden ser beneficiarias das axudas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Non ter aprobado ningún expediente de regulación de emprego ao abeiro do estipulado no artigo 47 do Estatuto dos Traballadores para o mes de decembro
- Acreditar a aplicación de todas as medidas de flexibilidade posibles ante o descenso da produción
- Presentar unha memoria explicativa acreditativa das causas do impacto da crise do sector na produción da empresa, na que figure o estudo e a evolución da situación económica da empresa nos últimos seis meses, en comparación con períodos temporais anteriores; o número e categoría dos traballadores empregados no último ano e o volume de traballadores que recibirán formación durante a vixencia do plan
- Presentar un plan de formación específico no que constarán os obxectivos que se queren acadar co mesmo, o número de horas que se van impartir e o custo aproximado do mesmo para a empresa

### **Fórmula de concesión**

As axudas serán concedidas de forma directa, de acordo co artigo 19.4 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, que establece no seu apartado C que poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, aquelas subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

O procedemento de concesión directa realizarase mediante convenio, no que se establecerán as condicións e os compromisos aplicables ao mesmo conforme ao artigo 26 de Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. As cantidades que percibirá cada unha das empresas libraranse no momento da sinatura de dito convenio.

O importe global das axudas establécese en 10 millóns de euros, que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 16.03.323B.471.1, do orzamento de gastos da Consellería de Traballo, sendo responsabilidade das propias empresas o custo dos plans que superaran esta cantidade.

Constituirase una comisión externa, da que formarán parte representantes da Consellería de Traballo, da Confederación de Empresarios de Galicia, Asime, o Clúster de Empresas de Automoción de Galicia e representantes dos tres sindicatos máis representativos en Galicia –actual composición do Foro da Automoción no ámbito das relacións laborais-, para a realización do seguimento de ditas axudas.

### **Medidas de apoio aos colectivos sociais máis afectados pola crise**

O Consello da Xunta aprobou así mesmo unha liña de axudas para a contratación de seguros de crédito para adquisición e reforma de vivenda e compra de automóbiles por importe de 10 millóns de euros, así como unha liña de axudas para o reforzo do autoemprego por importe de 10,4 millóns de euros.



Deste xeito, facilítase o acceso das familias galegas a financiamento a través da concesión de axudas para contratar seguros de pagos protexidos. As operacións de financiamento previstas son:

- Adquisición de vivenda
- Compra de bens de consumo duradeiro (só automóbiles)
- Reformas de vivendas encamiñadas ao aforro enerxético e a sustentabilidade

O instrumento de aseguramento permite reducir o perfil de risco dos clientes, ao cubrilos ante a continxencia do desemprego, o que facilita a concesión de financiamento por parte das entidades financeiras.

O custe estimado desta medida acada os 10 millóns de euros e se estima que permitirá mobilizar un volume de operacións de financiamento a familias de 850 millóns de euros.

### **Reforzo do autoemprego**

Finalmente, increméntanse os incentivos para os parados de longa duración que accedan o autoemprego, a través do aumento das axudas de asistencia técnica e apoio á función xerencial. O programa conta cun orzamento de 10,4 millóns de euros e a súa posta en marcha será a partir do 1 de xaneiro.

### **Batería de medidas anticrise**

O programa aprobado hoxe polo Consello da Xunta súmase ao conxunto de medidas postas en marcha ao longo deste ano para combater a crise económica e mitigar os seus efectos.

### **Impulso da licitación pública**

O programa de dinamización da obra pública permitiu que ata o pasado 31 de outubro se licitara obra por un total de 1.200 millóns de euros, un 27% máis que no mesmo período do 2007.

Polo que atinxe á vivenda, ao remate de outubro tense posto solo a disposición da iniciativa privada para 4.128 vivendas protexidas –maioritariamente en áreas próximas ás principais cidades, onde existe maior demanda-, superándose nun 3% o obxectivo marcado en xaneiro de 4.000 vivendas.

### **Ampliación das facilidades de financiamento do sector empresarial**

Ata finais de outubro, o IGAPE ten concedido apoio ás empresas galegas por un total de 572 millóns de euros, para un investimento inducido de 1.594 millóns.

O orzamento de 2009 reforza os instrumentos de apoio, préstamos, subvencións, avais e capital risco, ata os 1.512 millóns de euros, a fin de paliar a restrición de liquidez existente nos mercados financeiros. Tamén se amplía ata 500 millóns de euros a liña de avais do



IGAPE, polo que a Xunta disporá de axudas financeiras ás empresas por importe de 2.012 millóns de euros.

### **Reformas fiscais no eido empresarial e familiar**

A reforma do imposto de sucesións e doazóns foi aprobada no Parlamento galego o pasado mes de xullo coa promulgación da Lei 9/2008 que entrou en vigor o 1 de setembro de 2008.

Trátase dunha reforma que beneficia significativamente aos pequenos e medianos patrimonios posto que se basea nun tratamento moi favorable para dous dos elementos con maior presenza nos patrimonios da maioría das familias galegas: a vivenda habitual e a propiedade de empresas familiares. A nova normativa permite que o 90% das herdanzas galegas quedas exentas de tributación, o que sitúa a Galicia nunha posición moi competitiva respecto ao seu contorno, ao situarse na banda baixa dos países europeos no referente a este tributo.

### **Mellora da protección social e da empregabilidade**

O Goberno galego aprobou así mesmo o Decreto 233/2008 de 9 de outubro, que establece unha paga anual única de 200 euros para pensións non contributivas, beneficiando a un colectivo de 51.000 galegos. O custe desta medida ascende a 10 millóns de euros.